

Resolución reitoral pola que se modifica a composición da comisión das bolsas da V edición do programa INCUVI- Consolida na Universidade de Vigo.

Unha vez publicada a Resolución reitoral de 29 de xaneiro de 2025 pola que se convocan bolsas da V edición do programa INCUVI- Consolida na Universidade de Vigo.

Unha vez vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Modificar a comisión de avaliación recollida na base 6 da convocatoria, quedando do seguinte xeito:

Presidenta:

- Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento da UVigo

Vogais:

- Belén Fernández Durán, técnica superior de Orientación Laboral e Emprendemento da UVigo
- Ángeles López Lozano, directora técnica da Oficina de I+D da UVigo
- Daniel Villanueva Torres, director de Vigo Tecnolóxico da UVigo
- Daniel Rey García, catedrático da Universidade de Vigo
- Luisa Sánchez Méndez, vicepresidenta segunda, deputada de Deportes, Economía e Impulso ao Emprego, ou persoa en quen delegue

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

